

REDE EMPRENDE EN IGUALDADE: Accións formativas en novas tecnoloxías 2015



REDE- EMPRENDE en IGUALDADE

Actuacións de asesoramento, formación e apoio ás mulleres potencialmente emprendedoras para axudalas na posta en marcha e modernización das súas empresas e na busca de emprego, cara a fomentar a súa adaptabilidade e competitividade no mercado actual.

FINALIDADE DO PROGRAMA:

Executar a implementación do programa denominado **REDE-EMPRENDE EN IGUALDADE** para mellorar as capacidades de emprendemento e busca de emprego feminino a través do fomento e coñecemento das competencias e formación tecnolóxica e as redes sociais, mediante a posta en marcha e a modernización das actividades e capacidades empresariais e persoais, fundamentais hoxe en día para acadar unha mellora profesional.

Formación e asesoramento en:

- Iniciación á internet e redes sociais
- Novas tecnoloxías e emprendemento
- Novas tecnoloxías e busca de emprego
- Redes e transposición de experiencias
- Perspectiva de xénero

A duración proposta dos cursos será de 20 horas, cun máximo de 25 alumnas en cada edición. Desenvolveranse nas aulas existentes nos propios concellos ou a través da rede de aulas CEMIT da propia Xunta de Galicia.



A Secretaría Xeral da Igualdade no marco da Rede Emprende en Igualdade está a desenvolver unha serie de actuacións de asesoramento, apoio e formación dirixidas ás mulleres potencialmente emprendedoras, en busca de emprego e con ansias de formarse, co obxectivo de axudalas na posta en marcha ou modernización das súas empresas e na procura de emprego para fomentar a súa adaptabilidade e competitividade no mercado actual.

Esta iniciativa inscríbese no eixe 3 do VI Plan Galego para a Igualdade entre Homes e Mulleres, da Secretaría Xeral de Igualdade, que busca "outorgar unha maior relevancia ás actuacións que contribúan a facilitar a autonomía económica das mulleres galegas, o que leva a fomentar o seu acceso ao mercado laboral, así coma o seu desenvolvemento profesional e a posta en valor da súa iniciativa emprendedora".

Neste marco, en 2015 púxose en marcha a terceira edición das accións formativas en novas tecnoloxías. Para o seu desenvolvemento a Secretaría Xeral de Igualdade conta coa colaboración do Colexio profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), da Amtega

coa posta a disposición da súa rede de aulas CEMIT, e dos concellos onde se van a realizar os cursos, Dodro, Ordes, Ortigueira, Palas de Rei, Vilalba, Avión, Verín, A Guarda, Marín e Vila de Cruces.

Os cursos terán unha duración de 20 horas, cun máximo de 25 alumnas, serán impartidos por profesionais do CPEIG. As alumnas recibirán información e asesoramento sobre a seguinte temática: iniciación á internet e redes sociais; novas tecnoloxías e emprendemento; novas tecnoloxías e busca de emprego; redes e transposición de experiencias; e perspectiva de xénero.

Inscripción: No respectivo Concello.

Accións formativas que comezan no mes de OUTUBRO 2015. Datás e horario.

CONCELLO	DATAS	HORARIO
Avión	19, 20, 21, 22, 23, 26 e 27 de outubro	16:30 a 19:30 h
Vila de Cruces	20, 21, 22, 27, 28 e 29 de outubro	16:00 a 19:30 h
Ordes	27, 29 de outubro e 3, 5, 10, 12, 17, 19, 24 e 26 de novembro	17:30 a 19:30 h

Accións formativas que comezan no mes de NOVENBRO 2015. Datás e horario:

CONCELLO	DATAS	HORARIO
A Guarda	3, 4, 5, 6 e 9 de novembro	16:30 a 20:30 h
Dodro	9,10,11,12,13, 16 e 17 de novembro	17:00 a 20:00 h
Vilalba	9, 10,11,12,13, 16, 17 e 18 de novembro.	10:30 a 13:00 h
Verín	9,10,11,12,13 de novembro	10:00 a 14:00 h
Marín	9,10,11,12,13,16 e 17 de novembro	10:00 a 13:00 h e o 17 de novembro de 10:00 a 12:00 h
Palas de Rei	16, 17, 18, 20 e 23 de novembro	16:00 a 20:00 h
Ortigueira	17, 18, 19, 25 e 26 de novembro	16:00 a 20:00 h